



AULA VIRTUAL

aula.omundoquequeremos.org

GUÍA PARA PROFESORADO

PARADA 3: ELIXE O TEU ACTIVISMO

1. [COMO ACCEDER Á AULA](#)
2. [TRABALLO EN GRUPOS](#)
3. [TEMPORALIZACIÓN e RECURSOS](#)
4. [COMO ACCEDER AOS OBRADOIROS](#)
5. [PARADA 3: ELIXE O TEU ACTIVISMO](#)
 - [COMO ENVIAR OS TRABALLOS](#)
 - [ACTIVISTA POLA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE](#)
 - [ACTIVISTA POLO FEMINISMO](#)
 - [ACTIVISTA CONTRA O DISCURSO DE ODIO](#)



COMO ACCEDER Á AULA

Acceso á aula virtual de O mundo que queremos: <https://aula.omundoquequeremos.org/>

Empregade os usuarios e contrasinais do arquivo que vos enviamos previamente vía mail:

- **Alumnado:** é importante que non modifiquen o seu nome de usuario, mail e/ou contrasinal. Estes son datos que precisamos nós para o seguimento da participación e para a documentación que presentamos á Xunta. Se hai alguén que os modifica, pregámosvos que nolo fagades saber para resetealo.
- **Profesorado:** ao entrades, pódese modificar o voso contrasinal se así o queredes. Xa que os vosos mails si que son reais, sempre podedes volver a recuperar os datos de acceso dende aí.

O profesorado está matriculado nos obradoiros co rol de "Estudiante"; xa que sodes case 500 usuarios e usuarias no Moodle, énos máis doado facelo así. Se hai alguén entre vós que queira que lle asignemos outro rol nun curso concreto ou no sistema, podedes contactarnos para facelo.

TRABALLO EN GRUPOS

Dende agora e nos seguintes dous obradoiros (radio), **o alumnado traballará en equipos.**

É importante que, antes de comezardes con este dos activismos, xa estean os grupos feitos.

- Podedes facer os grupos seguindo obxectivos propios da vosa programación didáctica ou para traballar habilidades sociais (é dicir, o profesorado define os grupos de traballo)
- Poden facer os grupos por intereses: preguntade que temas lle gustaría traballar a cadaquén e despois facede grupos en función disto (prestade atención a que non sexan moi numerosos, 4 ou 5 persoas como máximo en cada un)
- Poden facer os grupos por amizades, pero igual que na anterior opción, que non sexan moi numerosos, 4 ou 5 persoas como máximo en cada un.

TEMPORALIZACIÓN e RECURSOS

Estes obradoiros sobre activismos están pensados para ser traballados durante **dúas sesións de 50 minutos cada unha, é dicir, para 100 minutos.**

O profesorado pode elixir como os distribúe: poden ser unha mestura de presencial e traballo na casa, dúas sesións seguidas, ou dúas sesións seguidas.

Tede en conta que calculamos uns 20 minutos de traballo en grupo para definir os temas e enviar o documento (explicamos esta tarefa máis abaixo)

Todo o material inclúe moitos vídeos de Youtube; **pregámosvos que comprobades que se poden reproducir nos ordenadores ou tablets do alumnado.** Isto axudaravos tamén a planificar que tarefas terán que facer na aula e cales terán que ser feitas na casa (ás veces, os ordenadores dos centros educativos non permiten reproducir os vídeos de Youtube)

COMO ACCEDER AOS OBRADOIROS

Despois de accedermos á aula, veremos esta imaxe (lembrade que é un *slider* e a galería cambia automaticamente: usade as frechiñas dentro dos círculos verdes para movervos a esquerda ou dereita)

The screenshot shows the website interface for 'O mundo que queremos'. At the top, there is a navigation bar with the user name 'alumna agareso' and a profile icon. Below this, there is a green header with the logo 'O mundo que queremos' on the left and a dropdown menu on the right containing 'Obradoiros', 'Galago (g)', 'Curso 21-22', and 'Edicións anteriores'. The main content area features a large orange banner that reads 'PARADA 3: ELIXE O TEU ACTIVISMO!'. To the right of the banner, there is a list of topics: 'FEMINISMO', 'MEDIO AMBIENTE', and 'CONTRA O DISCURSO DE ODIO'. Above this list, there are icons for 'XANEIRO-FEBREIRO' and 'ONLINE'. Below the list, there is a 'CURSO 2021-2022' section with the 'O mundo que queremos' logo. A green button labeled 'COMENZAR' with a right-pointing arrow is circled in pink, with a pink arrow pointing to it from above. At the bottom of the page, there is a question 'Cal destes temas vas traballar?' and a prompt 'Fai clic enriba da imaxe que toque e afonda no teu activismo!'. The footer includes the 'O mundo que queremos' logo and a box with the text 'ACTIVISTAS POLA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE' and a 'NO PLANET B' logo.

A continuación, accederemos a esta páxina, onde tedes que facer clic enriba da imaxe que corresponda, segundo o activismo elixido:

PARADA 3: ELIXE O TEU ACTIVISMO!

Os tres obradoiros teñen unha estrutura similar, aínda que os contidos varían en función da temática que abordan.

- **Introdución ao obradoiro:** vídeo que presenta o activismo a traballar.
- **Actividades:** secuencia de actividades a desenvolver. Isto **é unha proposta de traballo, pero o profesorado pode decidir se o alumnado ten que facelas todas ou se prefire priorizar algunhas** en concreto.

En todas hai vídeos e ligazóns para ampliar información: non é preciso que o vexan todo se non lles dá tempo, todo este material pretende simular unha contorna dixital onde o alumnado ten moitos *inputs* informativos e terá que traballar a súa competencia para buscar, atopar e seleccionar o máis relevante segundo as súas necesidades.

Aínda que, se tedes o tempo e o interese, o desenvolvemento desta secuencia está pensado para uns **80 minutos de traballo aproximadamente**.

- **Practica: afonda no teu activismo.** Para rematar, hai unha ferramenta para guiar a redacción do traballo (explicamos como funciona a continuación)

Esta actividade está pensada para traballar durante **30 minutos aproximadamente:** toma de decisións, diálogo e intercambio, definición do tema, do obxectivo e das fontes. Redactar e enviar.

COMO ENVIAR OS TRABALLOS

Antes de afondar en cada un destes obradoiros, explicaremos como ten que facer o alumnado para achegarnos os seus traballos. Esta tarefa é ben importante xa que o seu obxectivo é que, ao comezaren o seguinte obradoiro, xa estean os temas definidos e poidamos traballar sobre os guións de radio.

A última actividade dos tres activismos chámase "PRÁCTICA: afonda no teu activismo"

PRÁCTICA: afonda no teu activismo!

 Trabajo en grupo: investigade e define o tema

 Envío do voso documento de traballo

Unha vez teñades exportado o voso documento de traballo ([actividade anterior](#)), enviádenolo como arquivo anexo en "Enviar tarefa". Non esquezades incluír **os nomes de todas as persoas do voso grupo!**

Na primeira parte, ofrecémosvos unha ferramenta interactiva para guiar o traballo de definición da temática que traballará o grupo:



Veredes as indicacións sobre como utilizala ao entrar na páxina: botádelles un ollo e probade! Na columna da esquerda veredes os apartados que o alumnado terá que responder.

Lembrede: esta ferramenta non garda o traballo se pechamos o navegador, ou se pechamos a sesión. Antes de saír da aula virtual, é preciso descargar o traballo e gardalo ben sexa para continuar despois, ben sexa para enviálo como explicamos de seguido. O arquivo descargado será un arquivo de texto editable (Word ou similar)

Unha vez respondidas todas as preguntas requiridas, o alumnado debe descargar o documento e enviálo a través da seguinte páxina (deben engadir os nomes de todas as persoas que integran o grupo no mesmo documento antes de enviálo): "Envío do voso documento de traballo".



Envío do voso documento de traballo

Unha vez teñades exportado o voso documento de traballo ([actividade anterior](#)), enviádenolo como arquivo anexo en "Enviar tarefa".

Non esquezades incluír os nomes de todas as persoas do voso grupo!

Estado da entrega

Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Última modificación	-
Comentarios a entrega	Comentarios (0)

ENGADIR ENTREGA

Vostede aínda non fixo ningunha entrega



Envío do voso documento de traballo

Unha vez teñades exportado o voso documento de traballo ([actividade anterior](#)), enviádenolo como arquivo anexo en "Enviar tarefa".

Non esquezades incluír os nomes de todas as persoas do voso grupo!

Entregas de ficheiros

Tamaño máximo dos ficheiros: 100MB, número máximo de ficheiros: 1

Ficheiros

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

GARDAR OS CAMBIOS CANCELAR

Respecto á secuencia de actividades, nesta guía só falaremos daquelas que implican unha ferramenta externa ou pensamos que poden ser menos intuitivas, pero non dubidedes en contactarnos se precisades algunha axuda a maiores.

ACTIVISMO POLA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE

Este obradoiro busca impulsar a reflexión sobre o impacto que os nosos hábitos de consumo teñen sobre o medio ambiente a nivel global, para rematar analizando como a nosa forma de vida nos países enriquecidos ten consecuencias no mundo enteiro: é posible seguir medrando de forma ilimitada con recursos limitados?

1. Como impacta a nosa alimentación ao medio ambiente? Ao facerdes clic na imaxe de abaixo, esta levaravos a unha páxina externa: a web da BBC. Alí atoparedes a ferramenta interactiva, que foi a que usamos como exemplo durante a formación de Santiago en outubro.



¿Cómo afecta tu dieta el medio ambiente?

¿Qué comida quieres?

- Selecciona un alimento -

¿Qué tan frecuentemente la consumes?

- Selecciona la frecuencia -


Conoce más

Despois de facer clic en "Conoce más", veredes os vosos resultados.

2. A segunda actividade "De onde veñen os alimentos que consumimos" comeza cun *quiz* (serie de preguntas curtas), que é autocorrixible e non rexistra as respostas. A ligazón ao artigo é optativa.
3. A actividade 3 comeza cun vídeo interactivo: cara o final, cando estea a piques de rematar, sairá un quiz de varias preguntas. As ligazóns aos artigos son optativas.
4. A actividade 4 inclúe a ligazón a unha web externa, onde atoparedes unha ferramenta interactiva para calcular o impacto da pegada de carbono.

Consideramos moi interesante dedicar un tempinho a xogar con ela e, sobre todo, a reflexionar sobre os resultados (hábitos de consumo cotiáns que teñen un grande impacto)

PASO 1:



PASO 2:




PASO 3:



PASO 4:



PASO 5:



PASO 6:

RESULTADOS

Tu Día de Sobregiro personal es:

26. Abr

Si todos vivieran como tú, el Día de Sobregiro de la Tierra sería en este día. Esto significa que para esta fecha, habríamos utilizado tanto de la naturaleza como la tierra puede renovar en todo el año. En 2020, el Día de Sobregiro de la Tierra para la humanidad es el 22 de agosto.

Si todo el mundo viviera como tú, necesitaríamos

3.2 Tierras

[Clic aquí para obtener más información](#)



¿Por qué no puedo obtener el tamaño de mi huella dentro de los límites de una sola planeta?

[Clic aquí para ver os resultados con detalle.](#)

[See Details](#)

Por tipo de tierra



- Tierra edificada
- Productos del bosque
- Tierras de cultivo
- Tierras de pastoreo
- Zona de pesca
- Huella de carbono

Por categoría de consumo



Comida, Abajo, Movilidad, Bienes, Servicios

5.1 Tu huella ecológica (hectáreas globales o gha)

8.1 Tu huella de carbono (emisiones de CO₂ toneladas por año)

54 Tu huella de carbono (% de tu huella ecológica total)

[How Do You Feel?](#)

[VUELVA A TOMAR](#)

ACTIVISTAS POLO FEMINISMO

Este obradoiro traballará a desigualdade entre homes e mulleres dende unha perspectiva mediática. Así, estructuramos este obradoiro en torno a 4 eixos que representan as violencias simbólicas máis comúns nos contidos mediáticos: invisibilidade, cousificación, feminidade e amor romántico, comezando cunha breve aproximación aos roles de xénero.

1. A actividade das siluetas consiste en arrastrar as etiquetas, que conteñen características asociadas tradicionalmente co rol feminino ou co masculino, ata a figura que toque. O obxectivo é reflexionar sobre comportamentos ou actitudes relacionadas cun xénero ou co outro, e reflexionar sobre as consecuencias disto. Abaixo, ao final, hai unha imaxe que contrapón estereotipos relacionados cos roles de xénero; para usala, hai que facer clic na frecha branca do medio e arrastrar á esquerda ou á dereita.




2. Na segunda actividade, "Que titular poderían levar estas fotografías?", a proposta consiste en mirar as imaxes e tratar de escribir un titular para cada unha. Unha vez rematado, facer clic en "Enviar" e pasar á seguinte actividade, onde poderedes ver os titulares reais que se publicaron en prensa xunto a esas fotografías. O obxectivo é reflexionar sobre a invisibilización das mulleres como profesionais no eido da prensa deportiva.
3. Na terceira actividade, "Obxectos", traballaremos sobre o rol das mulleres na publicidade a través de exemplos e *quizzes* (secuencias de preguntas) autocorrixibles.

4. Na quinta actividade, "Amor romántico", reflexionaremos sobre a representación das relacións amorosas entre homes e mulleres no cine e na televisión, para rematar relacionando isto co tratamento das novas sobre violencia machista nos medios. **Pregámosvos que, no caso de ter algunha persoa entre o alumnado con experiencias de violencia machista, ben sexa na familia ou ben en primeira persoa, botedes un ollo á actividade previamente para valorar a súa idoneidade ou para prever o impacto que puider ter na alumna ou alumno en cuestión.**

ACTIVISTAS CONTRA O DISCURSO DE ODIO

Esta opción ten o obxectivo de promover unha actitude crítica cara aos discursos de odio, principalmente contra colectivos migrantes e/ou LGTBI+, a través da análise de discursos discriminatorios e de bulos ou *fake news*.

1. Na primeira actividade achegarémonos aos conceptos de prexuízo, estereotipo, rumor e discurso de odio, para rematar con varios contidos cos que se buscar espertar a empatía do alumnado.
2. A segunda actividade, "O discurso de odio", ten a forma de libro interactivo. Na columna da esquerda están os diferentes temas abordados (persoas migrantes, colectivo LGTBI+ e persoas xitanas). Dentro de cada un destes apartados, atoparedes contidos e actividades.



3. Na terceira actividade, "Bulo ou realidade?", traballaremos sobre rumores ou bulos. Para iso, comezaremos coa lectura de afirmacións sobre colectivos migrantes ou minorizados, o alumnado debe responder se é verdadeiro ou falso (é un *quiz* autocorrixible, despois de responder, sairá a resposta correcta e os argumentos que a respaldan). Despois, teñen a opción de clicar na icona de ligazón para acceder a infografías baseadas en datos de institucións públicas en forma de infografías na web de Stop Rumores.

**Proponemosvos un exercicio para adestrar a vosa mirada crítica:
sodes quen de identificar as noticias falsas? Imos comprobalo!**

Rumor ou bulo

Os negocios xineses non pagan impostos



Quiz

Que pensas: bulo ou realidade?

Verdadeiro

Falso

Vai a esta web para coñecer os datos:

Ligazón a infografía con datos reais:

Avanzar ao seguinte rumor ou bulo

4. Na cuarta actividade, "Destapa o bulo", coñeceremos algunhas pistas para recoñecer os bulos. Usaremos como exemplo unha imaxe real que se difundiu nas redes (clicar nas iconas redondas de cor verde, cun "i" no medio, para ler a información)